

# Planeta Lingua

FERROL  
FEBREIRO DE 2001

I.E.S. S. CASA-

Nº 1

## OS SIMPSON BOTAN UNHA PAROLADA

–**Marge**. Homer temos que falar.

–**Homer**. Espera que vou coller unha *Duff*.



–**Marge**. Non, agora escoita, Lisa ten problemas porque non pode estudar comodamente no seu cuarto.

–**Homer**. ¡Pois que se amañe ela soa que xa é maior!

–**Marge**. ¡Homer! Mira para ela, está deprimida.



–**Homer**. Tamén o estou eu e mais ninguén me axuda.

–**Bart**. Pai, ¿onde é que gardas a serra eléctrica?

–**Homer**. ¿E logo para que a queres?



–**Bart**. Para cortar-me o brazo.

–**Homer**. Ah ben, pois está embaixo da mesa.

–**Marge**. Homer veña, fala con ela.

–**Homer**. Pero Lisa, ¿que é o que che pasa?



–**Lisa**. Quero unha mesa para facer as tarefas.

–**Homer**. Pois non esperes máis, imos mercala.

**Pablo Ortega Blanco**

## A LENDA DO RÍO

Érase unha vez, cando aínda as correntes de auga non se formaran na serra do Xistral, tres ríos irmáns: o Eume, o Masma e o Ouro. Todos eles tiñan a ben competir e un día acordaron que o primeiro en chegar á desembocadura sería o máis importante dos tres e tería como mínimo un afogado nas súas augas. Decidiron saír ao mencer os tres á vez e aquel que antes chegara ao mar sería o gañador.




O primeiro en espertar foi o Masma e vendo que vendo que os seus irmás aínda durmían e que aínda faltaban unhas horas para o abrente decidiu saír

e tomar o camiño con tranquilidade. Ao pouco tempo espertou o Ouro e notando que o Masma xa partira e o Eume aínda durmía, decidiu marchar.

Así que chegou o mencer o Eume espertou e vendo que os seus irmáns o traizoaran enfureceuse e colleu o camiño do desbordamento, arrasando campos, cultivos, vilas, etc.. Aínda que foi o último en saír, o Eume foi o primeiro en chegar ao mar, e isto explica que cada ano afogue nas súas augas polo menos unha persoa.

**Pedro Dopico Díaz**



## INTROITO

Nacen estas follas de intervención cultural baixo o pulo inqueda da aprendizaxe e o alento creativo dun grupo de alumnos e alumnas do *Casanova*.

Un opúsculo como o que tes nas mans, amais dos obxectivos básicos vencellados á palabra escrita, procura dous propósitos fundamentais: abrir camiños á libre expresión e promover o uso da lingua galega.

Xa hai ben séculos que Aristóteles definiu aos humanos como “*animais que falan*”, velaí o noso campo de xogos: *Planeta Lingua*. Porque somos conscientes de que a acción normalizadora do ensino é unha das pedras basilares que permitirá un futuro próspero e vizoso, tanto para a nosa lingua, cultura e economía como para a permanencia histórica de Galiza.

Apelamos, pois, a todos os membros da comunidade escolar –pais, nais, alumnado, profesorado e persoal non docente– para que colaboren con novas ideas e aportacións que nos permitan acadar as metas de melloramento e avance que todos desexamos. C.



# UNHA VIDA, UN MUNDO

Irma Díaz Taboada

Esta nena necesita amor e non o pode conseguir, axúdaa. Dalle roupas, alimentos, todo o necesario para sobrevivir. Se esta nena vivise entre nós, ¿discriminaríala? Pénsao. A súa nai morreu e no seu País están en guerras. ¿Que poderá



Aliméntaa como é debido, non deixes que enferme. Se a atendes haberá máis nenos no futuro e disfrutarán da súa vi-



Se queres que o teu fillo medre sen problemas, non lle pegues, faime caso, cantos máis nenos, máis felicidade. (CADA RAPAZ É UN MUNDO)

## UN RATO VALENTE


Vouvos contar unha historia sobre un rato moi valente: Érase unha vez un rato que decidiu ir á escola por primeira vez.

-¡Adeus mamá! -dixo o rato moi contento -, volveirei cando remate.

-¡Adeus fillo!, que o pases ben.

Así, o rato valente saíu da súa casa camiño do colexio. Cruzou a rúa, atravesou o parque e de repente ao lonxe viu a escola.

-¡Hai mamá que nervios!- dixo o rato mentres se lle revolvían as tripas. El nunca á escola fora e segundo se ía achegando, coa súa mochila cargada ao lombo, pensaba en cómo entrar pois el só non podería abrir a porta xa que sería moi grande.



Xa se ía achegando o momento, faltaban só dez metros, entón viu a oportunidade de entrar subíndose á mochila dunha nena. Misión cumprida, entrou san e salvo. Baixou da mochila e dirixiuse á portería para preguntar pola súa clase.

-¡Hola! bo día, ¿podería dicirme en que clase estou?

-Podo, pero dime antes en qué curso estás, o teu nome e apelidos.

-Vou facer 1º da ESO, e chámome Luís García Fernández.

-Moi ben, estás en 1ºG

-Moitas gracias.

Subiu as escaleiras xirou á dereita, á esquerda e outra vez á dereita e chegou á súa clase. Entrou pola porta, que estaba aberta, subiu a unha mesa e esperou a que chegara o profesor.

(Continúa na páxina 3)

## CAVILANDO A PÉ DE FOTO



O pasado mes de novembro, coincidindo co 25 aniversario da desaparición física do dictador Franco, uns mozos de boa memoria histórica, tinguiron en rosa a estatua ecuestre do liberticida, os coñecidos *burro e cabalo*. E a verdade, que se saiba, nas vilas natais dos seus colegas ideolóxico-políticos -Hitler e Mussolini- non existe monumento parello. Diríase que aínda precisamos aprender leccións elementais de civismo europeo. Esperemos que, por fin, o Concello de Ferrol cumpra con ese elemental deber de hixiene democrática e retire o malfadado símbolo da ditadura franquista, para maior honra da Galiza libre.

M.Ríos, Coordinador do E.N.L.

(Vén da páxina 2)

Pasados dez minutos entrou o profesor e preguntoulle:

-¿Qué fas aquí?

-Quero aprender.

-Pois moi ben, senta e aprende.

Empezou a clase; os profesores explicaban e o rato atendía todo o que podía e máis. Anotaba de todo, preguntaba dúbidas... pero a clase rematou. ¡Recreo!, berrou un neno e o rato saiu disparado cara a cafe-

tería para comer algo, estaba fomentado. Atopou un rapaz que tamén estaba só, falou con el e fixéronse amigos. A sirena tocou e os dous subiron rápido para a aula.

Outra vez apuntar e preguntar, así ata que as clases remataron. Soou o timbre e para casa comer. Desde ese día vai e ven co seu colega cara á escola e de volta.

**Alexandro Martínez Lorenzo**

## O TELELIXO

Nestes días é moi común ver na tele persoas que, crendose moi importantes, se adican a contarnos a súa vida. Refirome a xentiña que, coma Nuria Bermúdez, Tamara, Paco Porras, etc...son capaces de conseguir que a TV sexa o electrodoméstico máis anti-HS de toda a casa.



Deixando á marxe estes suxeitos, queda o asunto da programación. Hai emisións televisivas coma a do *Bus* que animan a tirar a *caixa tonta* xanela embaixo.

Se queredes douvos un consello: o mellor é deixarse de tanto telelixo e facer algo máis de vida fóra da casa (que non é malo para a saúde).

**Severino Portela**



Unha lingua  
é moito máis  
que unha  
obra de arte;  
é matriz de  
obras de  
arte.

**CASTELAO**



## ENTREVISTA A ANTÓN CORTIZAS

Antón Cortizas é un escritor galego de literatura infantil e xuvenil. Estudou Maxisterio na Coruña e exerceu a docencia en Canido (Ferrol). Tamén estivo en Lisboa traballando como profesor no Instituto Español e actualmente desenvolve o seu labor educativo no Centro de Formación e Recursos de Ferrol.

Xa leva escritos moitos libros e recibiu numerosos recoñecementos, como o premio **Barco de Vapor** por *Memorias dun Río* (1988), ou o premio **Xeración Nós de Textos Teatrais** por *O coleccionista de sombras* (1990) e *O increíble invento de Solfis a pianista* (1994).

—¿Que foi o que o impulsou a escribir?

—O gusto por contar historias, por inventar cousas orixinais.

—*Amais da Literatura, ¿que aficións ten?*

—Gústame todo o relacionado coa natureza, a bricolaxe, facer rompecabezas e coleccionar selos, moedas, rochas, cunchas...

—¿Cal é o seu escritor predilecto?

—Gústanme moitos, aprecio a Cunqueiro, Rosalía, Curros Enríquez, Rivas, pois son moi bos escritores galegos. Tamén admiro a poesía de Neruda ou a autores como Miguel Hernández, Roald Dahl ou Jules Verne, que son tamén bos escritores de fóra.

—*Durante toda a súa vida leva escritos numerosos libros, ¿cal estima máis?*

—Coido que algúns están mellor ca outros, pero non é que me gusten máis. Creo, por min e por todas as persoas, que non debemos desprezias as cousas que facemos con boa intención. Todo o que se traballa, estea ben ou mal, pode axudar a que o que logo compoñas sexa un pouco mellor.

—¿Como inflúe a súa adicación á escrita no seo da súa familia?

—A verdade é que non o sei, aínda que é unha característica que lles agrada ás miñas tres fi-

llas; de feito, as máis das veces, son as miñas primeiras críticas.

—¿Disfrutou o tempo que estivo en Lisboa?

—Disfrutei moito. Lisboa é unha cidade lindísima. Así e todo prefiro vivir en sitios pequenos coma Ferrol.

—*Actualmente está a traballar no Centro de Formación e Recursos, ¿gústalle o seu traballo?*

—Sí, porque é descansar un pouquiño do bulle das aulas.

—¿Cal é a súa opinión respecto da escasa porcentaxe de galegos falantes nas escolas, colexios e institutos?

—É unha tristura. Supoño que existe unha solución política pero non se leva a cabo.

—¿Ten preferencia por algún estilo literario en particular á hora de redactar os seus libros?

—Non teño estilo literario fixo ningún, escribo o que me sae.

—¿Como quere ser recordado, coma un prestixioso escritor ou coma un home que difundiu a lingua galega a través dos seus libros?

—Sendo pretencioso, contestaría cunha miña cantarela que di así:

*Se che preguntan por min,  
non lles digas o que son,  
dilles o que quixen ser,  
dilles que quixen ser bon.*

—¿Que espera conseguir da vida?

—Ser feliz.



**Ariana Ares Dopico  
Andrea Pardo Mesías**